

**MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AO CONTAXIO DE COVID-19 NOS PROCESOS
SELECTIVOS DE POLICÍA LOCAL NO CONCELLO DE VIGO: COMPROBACIÓN DA ESTATURA
NO HALL DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO****Información para aspirantes ás prazas de Policía Local:**

- O chamamento de admitidos/as para a celebración da proba selectiva realizarase coa máscara posta na porta de acceso ao auditorio municipal situada na praza do Rei.
- Ningunha persoa acudirá á realización da proba se está en corentena, foi diagnosticada como positiva en COVID-19 e non finalizou o período de illamento, presenta síntomas compatibles coa COVID-19 (febre alta, tos seca e falta de aire son os máis comúns) .ou se atopa en período de corentena por haber tido contacto estreito cunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19 se así o indican as autoridades sanitarias.
- Recoméndase non acudir acompañados/as para evitar aglomeracións.
- Deberá ser puntual na hora da convocatoria para o chamamento.
- Deberá manter a distancia de seguridade en todo momento, tanto no interior como no exterior das dependencias.
- Evitará aglomerarse ao redor da porta de acceso. O chamamento realizarase co suficiente volume como para permitir que escoite perfectamente. Serán convocados de forma graduada para evitar aglomeracións. Deberá esperar a que o chamen na zona exterior e aberta do auditorio na praza do Rei.
- Ensine o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso, acceda e lave as mans con solución hidroalcohólica.
- Tralo chamamento seguirá as indicacións do tribunal ou persoal de apoio. Facilitará o certificado médico ao tribunal mantendo a distancia na medida do posible e agardará as súas indicación. Descalzarase na zona preparada e non quitará a máscara en ningún momento. As cadeiras que utilicen para sentarse serán desinfectadas periodicamente.
- Respectarase a sinalización do recinto en todo momento (distancia de seguridade, límite de aforo, sentidos de circulación, correcto lavado de mans).
- As dúas portas da sala permanecerán abertas todo o tempo para favorecer a ventilación.
- Abandonará a sala pola porta que lle indique o tribunal.
- Se nas seguintes 72 horas á celebración do exame é diagnosticado/a positivo/a en COVID-19, solicítase o comunique ao Concello de Vigo no correo electrónico ofi.recursoshumanos@vigo.org por se fora necesaria a adopción de medidas preventivas.